

## EXPOSICIÓN NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO **AS COVAS: PORTAS A OUTROS MUNDOS**

Ao abeiro da II Xornada de divulgación do patrimonio Arqueolóxico lucense, preséntase unha exposición temporal ubicada na sala 9 de Prehistoria e Arqueoloxía do MPL que estará visible ata o 31 de marzo.

Contidos: materiais orixinais, reproducións, paneis explicativos, imaxes, etc. da cultura material das tres covas lucenses de Eirós (Triacastela), Valdavara (Becerreá) e Valiña (Castroverde).

É especialmente significativa a mostra de materiais da Cova Eirós tralo seu nomeamento como Ben de Interese Cultural, porque se amosan restos do Paleolítico Medio cunha selección de pezas líticas en seixo e cuarcita e material óseo con evidencias de acción antrópica, do Paleolítico Superior con material lítico de reconstrución e remontaxe da explotación dun núcleo sobre prisma de cuarzo e dunha das puntas de proxectil, ademais da arte moble (colgante decorado), do Neo-Calcolítico a través do mundo simbólico e funerario coa exposición de restos humanos e dun colgante, e do mundo medieval .

Da cova da Valiña poden verse materiais conservados no Museo Provincial de Lugo desde a súa descuberta en 1962. Son principalmente restos óseos de fauna adscrita ao Paleolítico Superior: oso das cavernas, reno, cervo, cabalo e bisonte.

Da cova de Valdavara hai imaxes e textos explicativos.

Todo elo complementado cun texto introdutorio sobre as tres covas lucenses e outras cavidades calcarias de Galicia que nos falan da importancia do seu estudo como espazos de refuxio para animais e grupos humanos prehistóricos porque ademais de rexistrar a historia xeolóxica da súa formación, a evolución das condicións paleoambientais, conservan moitos restos dende fai, cando menos, 100.000 anos.

Organiza: Museo Provincial de Lugo e GEPN-AAT da Universidade de Santiago de Compostela.

Aurelia Balseiro. MPL



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

